

Mesa Sectorial do SERGAS do 20 de agosto 2025

OPE

Apróbanse as convocatorias de concurso-oposición co voto en contra de CIG-Saúde, por non recoller ningunha das nosas alegacións en relación á lingua galega. **Previsiblemente publicaranse no DOG o 28 de agosto.**

- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
- Técnico/a en farmacia
- Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico
- Traballador/a social
- Grupo auxiliar da función administrativa
- Persoal de servizos xerais
- Celador/a

O prazo de presentación de solicitudes, estará aberto ata o 30 de setembro.

- Informan de que en setembro teñen a intención de resolver os procesos selectivos de estabilización que están na fase de elección:
 - Enfermeiro/a especialista de saúde mental
 - Técnico/a en farmacia
 - Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía
 - Técnico/a superior de dietética
 - Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico
 - Técnico/a superior en hixiene bucodental
 - Técnico/a superior en Laboratorio de diagnóstico clínico
 - Técnico/a superior en Radioterapia

CTAP 2025

CIG-Saúde rexeitamos a oferta de prazas con perfil. A solución para cubrir as áreas de capacitación non é a través do concurso de traslados, senón permitindo que todo o persoal fixo dos servizos teña acceso a esa formación específica nesas áreas, e non “especializando” a persoal residente e persoal interino habendo prazas fixas ás que se lles nega esa “especialización”.

CIG-Saúde denunciámos que non hai ningún control dos cambios a quendas deslizantes nin dos centros asignados en cada praza. Isto provoca que as xerencias a través do CTAP estean modificando “por detrás” o mapa das prazas, sen negociarse coas xuntas de persoal nas áreas sanitarias. Para CIG estes cambios deberan negociarse e recollese no suposto Plan de ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria que non sabemos cando teremos.

O cadro de prazas ofertadas no CTAP de 2025, publicarase a **primeiros de setembro**. Abrirase un prazo de dez días hábiles para facer modificacións das prazas seleccionadas. Manteñen a previsión de que as incorporacións do CTAP sexan a **finais de novembro**.

